

Sabías que...?

As persoas que dominan dúas linguas, nos seus usos orais e escritos, adoitan empregar interferencias. Un primeiro paso para evitalas é saber recoñecelas e analízalas.

?

Lembra

Non se deben confundir as interferencias cos **préstamos** léxicos procedentes doutras linguas, un fenómeno que se dá en todos os idiomas.

!

AS INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS

Que son as interferencias lingüísticas?

Cando na fala (ou na escrita) dunha lingua se introducen algúns trazos ou elementos que teñen a súa orixe noutro idioma dicimos que existe unha **interferencia lingüística**.

Estas interferencias danse en persoas que viven nun ámbito no que están presentes dúas linguas, pois en comunidades monolingües non se produce este fenómeno.

Polo xeral, as interferencias prodúcense entre dúas linguas que están en contacto; aínda así, non se dan nunha e noutra coa mesma intensidade, pois son máis abundosas na lingua que ocupa unha posición social subordinada. Ás que hai en galego, como se dan por influencia do castelán, chamámoslles **castelanismos**.

Por que se producen as interferencias?

As interferencias aparecen sempre que nunha sociedade hai dúas linguas en contacto. Malia que en Galicia o galego foi a lingua maioritaria, o castelán ocupou o status de lingua superior: durante moitos anos foi a única lingua da escola, da administración, dos medios de comunicación... O galego ficou relegado a lingua oral para a maior parte da poboación, que, ata hai ben pouco, nin sequera se puido alfabetizar na súa lingua. Iso explica que haxa máis interferencias do castelán no galego que ao contrario.

Tipos de interferencias

Segundo cal sexa o trazo lingüístico afectado, as interferencias clasifícanse en:

- **Fonéticas:** trátase das menos abundosas, pois os sistemas fonolóxicos son moi resistentes á contaminación lingüística. Velaquí algunhas:
 - Perda da diferenciación entre vogais abertas e pechadas. Pronúnciase igual *bola* (de pan) / *bóla* (esfera); *presa* (manchea) / *présa* (apuro) etc.
 - Dificultade para pronunciar o fonema representado por *nh* (*unha, algunha, ningunha*) e o representado por *x* na súa pronuncia forte: *hoxe* / *hose*; *xantar* / *santar*.
- **Léxicas:** son as palabras que penetran no idioma desprazando ou substituíndo a forma auténtica. Estes barbarismos deben evitarse, restituíndo no seu lugar o termo galego equivalente. Os exemplos son moitos: *ala, silla, grifo, calle, abuelo, cena, niebla, cerilla, dios, suelo, dulce, escoba, fecha, muñeca, paloma, rodilla* etc.
 - Ás veces, algunhas palabras do castelán adáptanse á fonética galega, polo que dan a sensación de pertenceren á nosa lingua, por exemplo: **lexos* / *lonxe*; **xaula* / *gaiola*; **rodaxa* / *toro*; **conexo* / *coello* etc.
- **Morfosintácticas:** son as que afectan á forma das palabras ou á construción das oracións:
 - Cambios no xénero dalgúñas palabras: **a sangue, *a nariz, *o viaxe...*
 - Uso do pronome *te* en lugar de *che* e viceversa: **Xa te dixen iso* por *Xa che dixen iso*.
 - Colocación equivocada do pronome átono: **Me dixeron que non viñas* por *Dixéron-me que non viñas*.
 - Uso de tempos compostos, inexistentes no sistema verbal galego: **Xa habían feito iso* por *Xa fixeran iso*.
 - Alteración dalgúñas formas verbais: **traduxo* por *traduciu*; **conduzco* por *conduzo*; **pondría* por *poñería* etc.